



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

NÚMERO 72 /2024

ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA CESIÓN DOS TERREOS NA CIDADE DAS TIC PARA A CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO DESTINADO A PLATÓ VIRTUAL E OUTROS SERVIZOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)

Na Coruña, o 18 de outubro de 2024, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante.

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte Don Ricardo José Cao Abad, Reitor da Universidade da Coruña

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

1.- O día 20 de xullo de 2022, publicouse no Boletín Oficial do Estado número 173 a “Orde ETD/677/2022, do 14 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para o programa de axudas no ámbito da sociedade da información para a creación dun ecosistema dixital no sector audiovisual, e procédese á súa convocatoria correspondente ao exercicio 2022, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.”

2.- O día 21 de xullo de 2022, publicouse no BOE número 174 o “Extracto da Orde ETD/677/2022, do 14 de xullo, pola que se efectúa a convocatoria de Axudas para o ano 2022 destinadas á creación ou mellora de ecosistemas dixitais no sector audiovisual, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.”

Esta convocatoria ten por obxecto financiar o desenvolvemento, por parte de entidades locais, de proxectos destinados a reforzar as infraestruturas do ecosistema dixital no sector audiovisual facilitando a creación, distribución e manexo da información e a tecnoloxía máis avanzada polas PEMEs do sector audiovisual, e apoiando a creación de espazos para a innovación dotados con tecnoloxía avanzada.

3.- Por Resolución do 29 de novembro de 2022 concedeuse á Deputación Provincial da Coruña unha subvención de 5.041.000,00 €, sobre un orzamento total de 6.746.960,00 € con obxecto da creación dun ECOSISTEMA DIXITAL NO SECTOR AUDIOVISUAL DE GALICIA (EDAGA). CORUÑA ESTUDIO INMERSIVO (CEI).

4.- O Ministerio de Defensa con data do 18 de febreiro de 2020, como titular do inmovible denominado Fábrica de Armas, situado na Coruña, cunha superficie de 127.943 m², outorgou unha concesión demanial do citado inmovible a favor da Universidade da Coruña para que, de acordo co prego que rexe esta concesión, se destinase a situar nela, en colaboración con outras institucións públicas e privadas, un polo industrial e tecnolóxico dedicado ás tecnoloxías da información e da comunicación (en diante, Cidade das TIC). A acta de entrega formalizouse con data do 26 de febreiro de 2020.

5.- O prazo de duración da concesión é de VINTE E CINCO ANOS, prorrogables a discreción da Administración por períodos de cinco anos, ata un máximo de cincuenta anos.

6.- A Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña consideran de gran interese que neste espazo da Cidade das TIC se sitúe un estudio virtual dentro do ECOSISTEMA DIXITAL DO SECTOR AUDIOVISUAL DE GALICIA (EDAGA) como elemento revulsivo e dinamizador do emprego, en especial dentro do sector audiovisual, máxime tendo en conta que a cidade da Coruña foi seleccionada como sede da Axencia Española de Intelixencia Artificial (AESIA) que tamén suporá un extraordinario foco de I+D+I.

Por medio do estudio virtual as empresas do sector audiovisual de Galicia e doutras comunidades poderán desenvolver cos máis sofisticados sistemas tecnolóxicos a súa creatividade e a produción de grandes películas nas mellores condicións de calidade, innovación e tecnoloxía.

7.- En data 13/01/2023 asinouse entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña o seguinte protocolo:

PROTOCOLO DE INTENCÍONS ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A CESIÓ DOS TERREOS NA CIDADE DAS TIC E ULTERIOR CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE EXECUCIÓN DUN EDIFICIO DESTINADO A PLATÓ VIRTUAL E OUTROS SERVIZOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)

8.- O ESTUDO DE DETALLE PARA ORDENAMENTO DOS VOLUMES DA CIDADE DAS TIC foi aprobado definitivamente polo Concello da Coruña na sesión plenaria celebrada o 2 de marzo de 2023.

9.- O Ministerio de Defensa, en data 16 de marzo de 2023 autoriza o uso da parcela Z-2 á Deputación Provincial da Coruña, para o desenvolvemento do proxecto Ecosistema Dixital do Sector Audiovisual de Galicia (EDAGA) # Coruña estudio inmersivo (CEI).

10.- En data 24 de abril de 2023 asinouse entre a Deputación Provincial da Coruña e a

Universidade da Coruña o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A CESIÓN DOS TERREOS NA CIDADE DAS TIC PARA A CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO DESTINADO A PLATÓ VIRTUAL E OUTROS SERVIZOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)

11.- En data 24 de abril de 2024 a Universidade da Coruña presenta escrito no que solicita a modificación do convenio co obxecto de reducir a superficie cedida.

12.- Ademais, tendo en conta o tempo transcorrido e a experiencia adquirida ambas partes consideran necesario introducir unha serie de modificacións que contribúan a mellorar a xestión do convenio.

Por todo o exposto, as partes:

ACORDAN

Formalizar a addenda ao convenio conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO


O convenio asinado en data 24 de abril de 2023 cedía o uso á Deputación Provincial da Coruña da parcela Z-2.2 definida no ESTUDO DE DETALLE PARA ORDENAMENTO DOS VOLUMES DA CIDADE DAS TIC aprobado definitivamente polo Concello da Coruña na sesión plenaria celebrada o 2 de marzo de 2023, cunha superficie de 5.184 m² situada na Cidade das TIC, para o desenvolvemento do proxecto ECOSISTEMA DIGITAL DEL SECTOR AUDIOVISUAL DE GALICIA (EDAGA) que inclúe a instalación dun *plató* virtual, , financiado polo PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)

A presente addenda ten por obxecto:

- A reversión á Universidade da Coruña dunha parte da parcela inicialmente cedida.
- A concreción das condicións da cesión dos terreos tendo en conta as novas condicións da cesión e as circunstancias da explotación e instalación do plató virtual.

II.- REVERSIÓN DE TERREOS

Pola presente addenda revértese á Universidade da Coruña unha parte de 63,50 m x 40 m (2540 m²) da parcela inicialmente cedida. Deste xeito quedaría a parte principal da parcela Z.02.2 edificada, cunhas dimensións de 66,50 x 40 (2660 m²) que dá cabida á totalidade da edificación do Plató Virtual e deixa libre unha banda axardinada de 2,35 m no lateral O.



1. Cadro de superficies

Parcela	Superficie ACTUAL	Superficie FINAL	Titularidade do uso
Z.02-2 (a)	5.200 m2	2.660 m2	Deputación da Coruña
Z.02-2 (b)	-	2.540 m2	Universidade da Coruña

2. Valoración das parcelas.

O conxunto dos terreos da Cidade das Tic (antiga fábrica de armas) cunha superficie total de 127.943 m2 foron valorados pola UDC en 5.458.499,00 € de onde resulta un valor unitario de 42,66 €/m2 a data de 18 de febreiro de 2020.

A este valor débémolle aplicar a actualización de prezos a data actual sobre a base da variación do IPC neste período en A Coruña, que se corresponde cunha porcentaxe do 20,0 %.¹

Así o valor unitario do solo actualizado é:

$V_s = 51,20 \text{ €/m}^2$

Polo que os terreos teñen os seguintes valores na actualidade:

Parcela	Superficie	Valor do solo
Z.02-2 (a)	2.660 m2	136.192,00 €
Z.02-2 (b)	2.540 m2	130.048,00 €

En resumo, o valor do resto da finca matriz Z.02-2 (en diante Z.02-2a), terreos cedidos á Deputación que permanecerán formando a parcela do Plató Virtual será de 136.192,00 €.

O valor dos terreos que se reverts, parte vacante separada da finca Z.02-2 (en diante Z.02-2b) será de 130.048,00 €.

III.- CONDICIÓN DA CESIÓN DOS TERREOS.

Ás condicións da cesión da parcela Z.02-2 (a) cunha superficie de 2.660 m2 serán ás seguintes:

¹ Consonte a páxina do INE: <https://www.ine.es/varipc/index.do>

1.- Os espazos cedidos non poderán ser utilizados, arrendados ou cedidos a terceiras persoas sen autorización expresa, previa e por escrito da UDC e do Ministerio de Defensa, de acordo co establecido no prego de condicións particulares que rexen a concesión demanial a favor da Universidade da Coruña para a xestión das instalacións da Fábrica de armas da Coruña, asinado o 18/02/2020.

2.- Os espazos incluídos nesta cesión non poderán ser destinados a un uso distinto do establecido na cláusula primeira.

3.- A Deputación da Coruña comprométese a manter no seu debido estado de conservación todos os bens, móbeis e inmóbeis, incluídos na cesión, respondendo dos danos, desperfectos ou deterioración que exceda a que derive do seu uso normal.

4.- A Deputación da Coruña asumirá a plena responsabilidade polos danos causados a persoas e bens derivados do desenvolvemento da súa actividade.

Para tal efecto, subscribirá o correspondente seguro de responsabilidade civil por danos.

Todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente.

5.- Os gastos propios do espazo cedido (consumos de auga, electricidade, combustíbel para calefacción, teléfono ou de calquera outro servizo que se puidese medir por contador e sexa imputábel directamente ao uso do espazo) serán satisfeitos pola Deputación da Coruña.

Dado que ao ser unha parcela única e compartir tódolos usuarios da Cidade das TIC un único CUPS en alta tensión, o consumo de enerxía medirase con contadores en baixa tensión na cabeceira dos cadros xerais ou na saída do quadro xeral do complexo aos distintos edificios, cuns contadores compatibles co sistema de monitorización da Cidade das TIC. Deste xeito o custe enerxético total na factura distribuirase entre os distintos usuarios proporcionalmente ao consumo total de enerxía entregada en baixa tensión, repercutindo en cada un dos usuarios-contadores a parte proporcional ao seu contador, con liquidacións periódicas, quedando deste xeito repartidas as perdas en transporte e transformación entre todos os usuarios. Ademais pagarase o custe de mantemento anual das plataformas de supervisión proporcionalmente ao consumo anual dos distintos usuarios.

A UDC ou órgano xestor da Cidade das TIC poderá en todo momento realizar revisións ou inspeccións sobre o sistema de contaxe propio dos distintos usuarios e será responsabilidade de cada un deles mantelos en correctas condicións de medida cunha precisión dentro dos parámetros iniciais.

Para a repercusión dos custes de subministro da auga procederase do mesmo xeito, colocando un contador con comunicación co sistema de monitorización da Cidade das TIC nas distintas acometidas a cada un dos edificios.

6.- Os gastos comúns dos espazos na Cidade das TIC (consumos de auga, abastecemento de auga contraincendios, electricidade, combustible para calefacción, seguridade, limpeza, mantemento xeral, publicidade, entre outros) serán satisfeitos proporcionalmente pola entidade cesionaria, segundo a súa participación no conxunto do espazo, desde o momento en que lle foren cedidas as instalacións. Estes gastos calcularanse anualmente tendo como referencia os gastos comúns en que incorrese a UDC, aínda que sen exceder os prezos de

mercado, e imputaráselle á entidade cesionaria en función do espazo ocupado.

A Universidade da Coruña comprométese a ceder dereitos de conexión por 630kW á Deputación da Coruña dende a celda de liña situada no centro de protección e mando (CPM) exterior durante 5 anos dende a sinatura do convenio inicial. No momento en que xa non resulte imprescindible a Deputación reverterá esa potencia á UDC para que a mesma dispoña da potencia inicialmente prevista de 2.500 kW, correndo a cargo da Deputación da Coruña a obtención de permiso, autorización e demais trámites e xestión que leve esta solución técnica.

7.- Serán por conta da Deputación da Coruña os tributos de calquera tipo que graven os espazos obxecto de cesión ou a actividade que neles se desenvolva, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente.

Tamén será por conta da Deputación a parte proporcional do canon que a Universidade deba aboar anualmente ao Ministerio de Defensa.

Neste sentido, o canon actual do conxunto dos terreos da antiga Fábrica de Armas é de 260.000 € por ano.

O total da superficie construída dentro do recinto é de 55.800 m² co que se deduce un coste por m² construído de 4,66€

Por tanto, aos terreos cedidos á Deputación da Coruña corresponderíalles o seguinte canon anual:

Parcela	Superficie construída	Canon (2025)
Z.02-2 (a)	1.984,30 m ²	9.246,83 €

comprometéndose a Deputación a consignar o crédito necesario e suficiente para as anualidades posteriores.

8.- A UDC e o Ministerio de Defensa deberán autorizar con carácter previo a realización das obras necesarias para a adecuación do espazo ás necesidades da actividade que se vai desenvolver nel.

Para estes efectos a entidade cesionaria deberá presentar un proxecto detallado.

9.- A Deputación da Coruña comprométese a cumprir os procedementos da Cidade das TIC relativos ao acceso e uso das instalacións e recursos comúns recollidos no seu sistema de xestión da calidade.

10.- A Universidade comprométese a manter o servizo de seguridade na Cidade das TIC.

A Deputación poderá solicitar á UDC unha ampliación dos servizos de seguridade, facéndose cargo dos correspondentes custos.

A factura específica emitida a tal efecto expresará con miudeza os servizos facturados.

11.- Outras condicións da cesión:

11.1.- Subministración eléctrica de obra

Por razóns alleas á Universidade da Coruña e á Deputación da Coruña, aínda non hai subministración eléctrica en alta tensión na Cidade das TIC. Para poder desenvolver as obras do Plató Virtual CEI (Coruña Estudo Inmersivo), a Deputación, precisa unha

acometida de obra dende a centralización de contadores en baixa tensión, un cableado de datos que permita a comunicación dixital entre contador e centralización, así como un contador que teña tecnoloxía compatible co sistema de lectura dixital implantado pola UDC cun custe aproximado de 32.835,18 € IVE incluído.

Dita subministración de obra deberá estar legalizada como subministración temporal de obra segundo a ITC do regulamento de baixa tensión correspondente. Ademais limitarase a 50kW inicialmente, até ter o complexo a subministración en alta tensión, momento no cal podería incrementarse a dita potencia a 120kW ou á capacidade máxima da liña.

A repercusión dos custes enerxéticos desta subministración eléctrica de obra farase de forma equivalente ao establecido para a subministración definitiva, instalando o contador no cadro xeral de baixa tensión do complexo Cidade das TIC, zona Galería.

Este importe corre a cargo da Deputación da Coruña.

11.2.- Subministración eléctrica ao edificio.

O edificio do Plató Virtual CEI precisa, para o seu correcto funcionamento, subministración en media tensión (AT consonte a norma vixente).

Esa subministración en AT preténdese realizar de forma máis directa seguindo a traza recta do viario N desde o centro de protección e mando (CPM) situado na entrada do conxunto (cun desenvolvemento aproximado de 240 m desde a celda ao transformador do edificio).

Está prevista unha partida de cableado na obra do Plató Virtual CEI.

A Universidade da Coruña comprométese a executar a obra civil dentro da urbanización do conxunto dado que pode servir a distintos edificios e polos prazos de entrega desta actuación e de garantía das obras de urbanización en curso non parece viable que as executen empresas diferentes.

No entanto, a Deputación da Coruña aboará á Universidade o importe desta obra civil de canalizacións a través do viario N para facilitar a acometida eléctrica do Plató Virtual (CEI) que se valora nun importe total de 35.000,00 € co IVE incluído.

11.3.- Obras para o acceso rodado provisional

Para o acceso provisional ao edificio Plató Virtual CEI resulta necesario estender unha capa de xabre compactado nunha superficie de 230 m x 6 m cun importe aproximado IVE incluído de 10.050,00 €.

A Universidade da Coruña autoriza a realización destas obras, que correrán a cargo da Deputación da Coruña.

11.4.- Obras para o acceso rodado definitivo.

O expresado no apartado anterior é sen prexuízo da necesidade dunha pavimentación viaria definitiva que non correrá a cargo da Deputación da Coruña.

11.5.- Obras de axardinamento nas frontes da parcela (N e E)

A Universidade da Coruña autoriza a que, unha vez rematada a obra de edificación do Plató Virtual, a Deputación realice as obras para urbanizar os axardinamentos exteriores en contacto co viario N e E, nunha superficie aproximada de 718 m². A UDC supervisará e autorizará a proposta de axardinamento, que seguirá os criterios xerais de toda a Cidade das TIC.

Estímase para unha urbanización mínima de axardinamento cunha capa de terra vexetal e plantación de céspede un orzamento de 39.095,10 €.

11.6.- Actuacións a financiar pola Deputación

Por todo o anterior, despréndese un gasto total en actuacións complementarias a custear pola Deputación da Coruña de 116.980,28 €, que se desagrega na seguinte táboa con referencia aos epígrafes desta cláusula:

Epígrafe	Actuación	Importe
11.1	Subministración eléctrica de obra	32.835,18 €
11.2	Subministración eléctrica ao edificio	35.000,00 €
11.3	Obras para o acceso rodado provisional	10.050,00 €
11.6	Obras de axardinamento nas fronteiras da parcela (N e E)	39.095,10 €
	TOTAL	116980,28

Con independencia dos gastos fixos de canon, consumos e outros que poida ter o edificio durante o seu funcionamento.

12.- A Deputación acepta a cesión de uso nas condicións anteriormente expresadas.

Para todo o non previsto nesta addenda estarase ao disposto no CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A CESIÓN DOS TERREOS NA CIDADE DAS TIC PARA A CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO DESTINADO A PLATÓ VIRTUAL E OUTROS SERVIZOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR), asinado o 24 de abril de 2023.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado no asunto 6 por acordo plenario de data 27 de setembro de 2024.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar duplicado a presente addenda, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**O REITOR
DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

Asdo. Valentín González Formoso

Asdo. Ricardo José Cao Abad

**A SECRETARIA XERAL DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo. Amparo Taboada Gil